

## REGULAMENTO DAS CÁTEDRAS CULTURAIS DA UDC

1. As cátedras culturais da UDC créanse ao abeiro de convenios con institucións ou particulares alleos á universidade e contan con financiamento externo. O financiamento externo cubrirá como mínimo un 70% do seu orzamento global.
2. É obxectivo destas cátedras o desenvolvemento de actividades complementarias ou de extensión no ámbito da docencia, da investigación e da creación relacionadas con materias de índole histórica, de pensamento, de comunicación, literarias ou artísticas.
3. Dependerán organicamente da vicerreitoría encargada das actividades de extensión cultural.
4. Para a creación dunha cátedra cultural será requisito imprescindible a existencia dun fondo material de especial interese, procedente de doazóns externas ou conformado con recursos propios -for aquel bibliográfico, artístico ou documental-, que pola súa singularidade e difícil acomodo nas estruturas actuais da UDC xustifique a súa existencia.
5. O seu ámbito de actuación deberá ter un carácter interdisciplinario e en ningún caso coincidirá por extensión coas áreas, departamentos ou institutos actualmente establecidos.
6. A aprobación da creación da cátedra cultural ou, no seu caso, a súa supresión, corresponde ao Consello de Goberno.
7. Para a aprobación dunha cátedra cultural propia será preceptiva a presentación da seguinte documentación:
  - Informe dos consellos de departamento correspondentes ao seu ámbito de actuación.
  - Unha memoria na que, cando menos, consten:
    - Copia do convenio ou convenios coa institución ou particular alleo á UDC.
    - Obxectivos e programas de investigación enmarcados na cátedra.
    - Xustificación da creación da cátedra, en relación ás esixencias contempladas nos artigos 5 e 6 (carácter interdisciplinario, especialización, fondo material...).
    - Programación plurianual de actividades.
    - Relación do persoal científico que se integraría, acompañado do seu currículo.
    - Estimación dos medios necesarios para o seu funcionamento, orzamento aproximado e fontes de financiamento.
  - Regulamento de réxime interno onde se definirán a súa natureza e denominación, ámbito de actuación e fins.
8. Serán fins das cátedras culturais:
  - A custodia, catalogación e estudo do material doado ou conformado ao longo do tempo, agás naquilo que corresponda ao Servizo de bibliotecas.
  - A investigación sobre o obxecto ou obxectos da cátedra.
  - A organización de actos e a publicación, sempre no servizo de publicacións da UDC ou mediante coedición, de obras relacionadas co fondo.
9. A cátedra cultural estará constituída polo consello da cátedra, o director ou directora, o secretario ou secretaria, o persoal científico e os membros honorarios:
  - A persoa que exerza a dirección, designada polo Reitor, a proposta do consello, entre profesorado investigador a tempo completo da UDC, con publicacións recoñecidas no ámbito de actuación da cátedra.
  - A persoa que asuma a secretaría, designada polo director entre os membros da cátedra.
  - O consello, constituído polo profesorado doutor da cátedra.
  - O persoal científico, aprobado polo consello entre docentes e persoas bolsistas da UDC con investigación en ámbitos relacionados cos obxectivos da cátedra.

- Os membros honorarios, previa aprobación do consello, que poderán ser persoas alleas á UDC con recoñecido prestixio e vinculación aos obxectivos da cátedra.
10. O exercicio dos cargos das cátedras culturais non suporá en ningún caso complementos económicos ou redución da carga docente.
  11. As cátedras remitirán, no primeiro cuadrimestre de cada curso, unha memoria económica e outra das actividades desenvolvidas no curso anterior.

### **Disposición final**

O presente regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa aprobación no Consello de Goberno.